



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## **TABOLEIRO**

1- Limiar: Aprendamos cos fios a facer Historia.

2- A artesanía, o coñecemento, o ensino.

3- Proxecto pedagóxico:

3-0- Criterios básicos

3-1- Obxectivos xerais da Unidade Didáctica

3-2- Ensino Primario

3-2-0- Contidos

3-2-1- Procedemento

3-2-2- Actitudes

3-3- Ensino Secundario

3-3-0- Contidos

3-3-1- Procedementos

3-3-2- Actitudes

3-4- Metodoloxía pedagóxica

3-5- Ensinanzas e aprendizaxes

4- Proxecto didáctico:

4-0- Historia do encaixe. Actividades

4-1- O encaixe é... Actividade

4-2- Mapas do encaixe. Actividades

4-3- A almofada. Actividades

4-4- O fío. Actividades

4-5- Os palillos e as palillas. Actividades

4-6- O picado. Actividades

4-7- Os encaixes. Actividades

4-8- As palilleiras e as palilladas. Actividades

4-9- Outros oficios no encaixe. Actividades

4-10- A fala das palilleiras. Actividades

5- Bibliografía básica

6- Solucionario

7- Remate: Encaixa no encaixe



**1º LIMIAR**  
**APRENDAMOS COS FÍOS A FACER HISTORIA**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## LIMIAR

### APRENDAMOS COS FÍOS A FACER HISTORIA

O obxectivo da escola é educar. Esta afirmación tan curta e rotunda semella clara para a sociedade, pero cando preguntamos pola clase de educación que se debe recibir, entramos nunha pluralidade e campos de controversias inagotables. Sigamos avanzando, a escola, cada escola tomará como base educativa o entorno dos nenos e nenas que tenta educar, pero este espacio xa non é algo abstracto, pola contra, é a propia vida dos nenos e nenas que asisten a esa escola, en donde se desenvolven os seus anos de crianza, onde xogan, onde viven os seus amigos e amigas, familiares e veciños, en realidade é o seu mundo circundante, a súa raigame, os seus coñecementos, en fin o seu universo vivencial.

Os educadores e as educadoras deben coñecer todo este mundo, aínda máis, teñen e deben interpretalo, críticoalo, valoralo para que a educación teña unha base real, lóxica e achegada á realidade da persoa que recibe e acepta ese ensino. E nese entorno, tan rico e variado, convive unha cultura propia, da que participa o neno e a nena e que, polo tanto, terá que se-lo xérmolo, o camiño unificador e integrador de toda a súa educación.

A cultura é o identificador da persoa coa terra, coa xente, coa historia, coa vida.

Se este camiño racha, a formación humana e científica abanea perigosamente, de aí que a escola deba misturarse na cultura, tanto de xeito do coñecemento, coma do compromiso social, non existe unha educación neutra, non se pode educar en etéreo, como decía o poeta: "...ata mancharse". E xorde o encaixe coma artesanía milenaria chantada na nosa terra, con técnica, motivos e xeito de ser xenuino. Dende hai séculos está no berce do pobo, no noso entorno social, cultural e máis educativo, que o recolle, adapta, amplía, convertendo o encaixe en todo un mundo que circula arredor de moitos nenos e nenas influindo na súa educación, en maior ou menor medida, nunha empatía dinámica e flexible.





Vaíamos ó concreto, o encaixe non é un conxunto de estereotipos, polo contra, é unha simbiose de achegamento entre a escola e o pobo, pero tamén que aquela sirva de base para algunhas aprendizaxes escolares.

Todo o material empregado recóllese do entorno dos nenos e das nenas: almofada chea de palla de cereais típicos da zona- os palillos e palillas de madeira tirada de árbores autóctonos: buxo, carballos, castiñeiros, etc.; o fío de liño, tan antigo o seu emprego que aínda hoxe se tenta voltar a usar, ou do algodón a partires da II Guerra Mundial; a cuira, a bolsa, os alfinetes, a.... son outros tantos elementos que se poden realizar na zona de donde se sacan os motivos que logo serán a base do encaixe realizado, polo que dan pulo ó amor pola terra, o traballo manual con materiais case familiares ou os deseños chantados na propia historia.

A vía educativa continúa na súa dinámica social, é dicir, a aprendizaxe artesana faise en grupos e/ou equipos que propicia unha educación socializada sen competencia de calificacións, onde o progreso vai marcado polo traballo individual, a atención á tarefa desenvolvida e o interese de cada alumno e alumna.. Postas en marcha as bases de coñecemento e dos procedementos para o comezo desta educación a partires da artesanía do encaixe, as novas palilleiras desenvolven unha aprendizaxe personalizada, nun ambiente grupal e que poden ampliar ou proaccionar na súa casa, tanto na repetición práctica ou dun avance da pedagogía artesana aprendida. Asemade é unha pedagogía onde a influencia familiar e social resulta interesante, dende a súa motivación, tradición artesana, pola axuda que lle poden prestar na corrección e ampliación do camiño emprendido ou en completa-la programación da aprendizaxe, xa que escola e familia se moven no mesmo camiño educativo e social.

A aprendizaxe do encaixe desenvolve e mistúrase en tódalas áreas do currículo escolar, posto que medio, debuxo, historia, matemáticas, vocabulario son outras tantas direccións nas que non podemos dirixir se nos iniciamos no mundo educativo, social, histórico..... etnográfico desta fermosa artesanía coa que podemos tira-los fíos para facer historia.

Marío Gallego Rei



2º

**A ARTESANÍA, O COÑECIMENTO, O ENSINO**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## A ARTESANÍA, O COÑECEMENTO, O ENSINO (1)

### O cerebro e a man.

A historia do progreso da habilidade manual e o crecemento do cerebro son paralelos e están interrelacionados. Este é un feito científico. Un dos estudos máis claros é o realizado por Konrad Lorenz. Enunciarémo-las súas pautas:

- a. No cerebro existe "un espacio central" que avalía tódolos espazos que nos circundan.
- b. Canto máis precisa sexa a comprensión do espacio máis "intelixente"...
- c. A intelixencia e logo a manualidade desenvolveuse en función da complexidade dos problemas espaciais -como son os laberintos. De aquí que as especies dos bosques sexan máis intelixentes que as da chaira.

O esquío que o coello.

A ra arborícola que a dos pantanos.

O paspallás do bosque que o da chaira.

A habilidade manual, ou mellor dito, a coordinación man-cerebro, crea outra: escala esquíos-monos-homes. Finalmente, a comprensión do espacio correspóndese coa habilidade manual e cos niveis de Intelixencia.

- d. En todo cerebro existen dous "homúnculos" que están na súa cortiza, un destinado a recoller "sensacións" e outro a "enviar ordes", sensor e motor.

O ser humano é o animal que adica con diferenza maior superficie nestas actividades á man -homúnculos de Penfield e Ratmunsen- que é o único órgano fisiolóxico no que o ser humano é netamente superior a outras especies.

### Sobre a evolución:

O fenómeno da hominización, tomando datos de Loring Brace, pode traducirse en sección de dentes e centímetros de capacidade craneana. Os dentes e moas varían ó deixa-la función prensil, dadas as emerxentes posibilidades manuais. A boca serve basicamente só para comer un réxime mixto vexetal-animal, e as mans arrastran, manipulan. Nace a "artesanía".



Hai dous millóns de anos a.de C o "australopiteco" ten 500 cm de capacidade craniana, un tercio de promedio do home actual. "Os utensilios" son evidentes no "paranthropus" -1.750.000 a.C- con 600 cm. O "sinanthropus" -500.000 a.C.- ten 1.000 cm de capacidade actual, o que significa que "era tan intelixente coma nós". Chega o "homo sapiens" a partir dun "cazador instrumental".

### **A artesanía e a educación:**

Sen mencionármola educación fixemos, sen embargo, referencia ós seus ingredientes, a creatividade, habilidade, aprendizaxe, autoría, etc. Existen dous sistemas educativos fundamentais:

a- O que parte da especulación teórica e intenta despois comprobara na práctica.

b- Outra que practicando ascende á especulación.

Fuller, combinando "tetraedros", propón "especulando" que está a primeira unidade volumétrica do universo. Vendo un obxecto máis real, menos idealizado, como a fotografía das pingas de auga ó caer, especula sobre se estas formas son aerodinámicas e aplícaas á carrocería dun coche. O extremo destes dous polos sería-

a- Un ensino preguntando a un ordenador.

b- Realizando as cousas cun "mestre" que é o profesor que ensina facendo.

Creo que os dous camiños con compatibles, mailo segundo é desde logo indispensable en calquera profesión. Bos artesáns foron: Leonardo da Vinci, Galileo, Newton ou Torres Quevedo.

Xorde a sociedade moderna na que todos dependemos de todos, máis non en razón dun esforzo idealista de colaboración, senón pola súa propia incapacidade, a nosa cortedade de recursos para sobrevivir. A nosa sociedade non se basea na xenerosa aportación de homes sabendo resolvelos seus problemas vitais, e que ofrezan os seus servicios, senón de "especialistas", cunha información parcial e unidireccional, que pasan o tempo pedindo auxilio.



---

(1) Miguel Durán-Loriga  
Director da Escola Experimental de Diseño de Madrid  
"Artesán", nº4 / Revista editada pola Asociación Galega de Artesáns

3°

**PROXECTO PEDAGÓXICO**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## **CRITERIOS BÁSICOS**

- .. A artesanía ten un valor educativo.
- .. O encaixe é un elemento básico da nosa cultura tradicional.
- .. O sentimento pola cultura tradicional da nosa terra, base da nosa tarefa educativa e de noso ensino.
- .. A escola como desenvolvemento do ambiente natural do/da alumno/a.
- .. A leducia de xogar dos/das e cos/cas alumnos e alumnas.



## OBXECTIVOS XERAIS DA UNIDADE DIDÁCTICA

..Favorecer e dar pulo ás actividades de respecto cara á cultura tradicional.

..Valora-la cultura tradicional como eixo fundamental do presente e do futuro.

..Adapta-lo estudio do encaixe, como artesanía tradicional, ás diferentes materias do curriculum naquelas zonas con importancia neste aspecto.

..Desenvolve-lo valor educativo que significa o coñecemento e valoración do patrimonio cultural do encaixe, adquirindo coñecementos antropolóxicos e socioculturais.

..Entende-lo encaixe como factor educativo, social e máis económico da vida humana.

..Concienciar á sociedade da importancia social, económica e artesanal do encaixe.

..Recoller, valorar, estudar e dar a coñecer pezas de encaixe doutros tempos e da variedade das terras galegas.

..Posibilizar ós/ás alumnos/as para o coñecemento e desempeño deste oficio a partires do coñecemento persoal.

.. Emprego do Museo do Encaixe e das salas de encaixe noutros museos galegos como banco de material didáctico para os ensinantes.

..Favorece-la investigación dentro e fóra da aula.

Potencia-la colaboración coa finalidade de coñece-la nosa historia, lingua, economía, cultura, antropoloxía...

Comprende-la influencia que a tradición do encaixe ten como valor herdado dos nosos antergos.

..Valora-lo encaixe como alicerce da nosa cultura e mesmo expresión do latexar dun pobo, do seu carácter e da súa historia.

..Crear actitudes positivas perante da artesanía/oficio do encaixe que expliquen a procedencia histórica e as singularidades do pais galego.



..Crear actitudes positivas diante da dexeneración antropolóxica, histórica, social,... da tradición cultura e fomenta-la actitude crítica dos/das alumnos/as de cara á consecución do preciso equilibrio entre tradición e progreso.

..Achea-la escola á cultura tradicional, a través do encaixe, por medio dos/das alumnos/as e das súas relacións coa nosa historia.

..Estimu-la motivación e a creatividade no coñecemento e práctica do encaixe.

..Empregar procedementos activos no coñecemento e aprendizaxe do encaixe.

..Fomenta-lo contacto entre escola e o entorno.

..Recoller, dar pulo, conservar e falar cun vocabulario usado deica agora por unha parte do pobo galego.

..Promover un sentimento positivo de pertenza a Galicia e a unha cultura galega e universal, desde posicións solidarias e respetuosas con outras culturas do Estado e alleas a éste.

..Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galegos é diferente ó doutras terras.





## ENSINO PRIMARIO:

### CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- ..Estudio de aspectos básicos do pasado e do presente do encaixe.
- ..Posibilidades comunicativas dos obxectos encaixeiros, desde os puntos de vista histórico, social, económico, dos materiais utilizados e productos consecuciados.
- ..Coñecemento dun vocabulario encaixeiro.

### PROCEDEMENTOS:

- ..Recoñecemento e recollida de utensilios do encaixe doutras épocas.
- ..Recollida e organización de información empregando fontes orais ou escritas.
- ..Realización de pequenas investigacións arredor do encaixe, en tódolos campos desta artesanía.
- ..Clasificación dos obxectos artesanais do encaixe.
- ..Restauración de utensilios e pezas recollidas.

### ACTITUDINAIS:

- ..Sensibilidade e respecto pola cultura popular tradicional exemplarizada no encaixe.
- ..Valoración dos trabarlos encaixeiros realizados.
- ..Participación responsable no trabarło en equipo.
- ..Curiosidade e interese por todo o que significa o encaixe.



## ENSINO SECUNDARIO

### CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- ..Coñecemento e comprensión da orientación nos mapas e na realidade (1)
- ..Comprende-los movementos migratorios e as súas repercusións en Galicia (2)
- ..Valora-los nosos recursos naturais: características e tipos (3)
- ..Entende-la depredación dos recursos da agricultura primitiva (3)
- ..Coñecemento da produción de recursos agrícolas (3)
- ..Estudio do movemento de recursos e productos (3)
- ..Relacións e interdependencia dos cambios na Galicia rural e urbana (4)
- ..Comprensión do traballo con fontes: clasificación, a súa relación co tempo e co espacio (5)
- ..Entende-lo cambio e a continuidade a través da evolución no tempo do encaixe: trazos da actividade económica (6)
- ..Comprende-las transformacións económicas: industrialización e cambio agrario. Factores de cambio e consecuencias (7)
- ..Interpretación-comprensión da Galicia do século XIV: a ausencia de industria e a lentitude no progreso (7)
- ..Interpretación-comprensión da Galicia do século XV: o proceso de modernización (7)
- ..Comprensión das causas do nacemento das cidades: o artesanado e o comercio, a burguesía e os gremios.
- ..A arte medieval e o Camiño de Santiago(8)
- ..Entende-la arte do século XX: o deseño e a moda en Galicia (9)



## PROCEDIMENTOS

- ..Elaboración de itinerarios nos planos e mapas (1)
- ..Localización de lugares nos planos e mapas (1)
- ..Recollida e tratamentos de datos estadísticos (2)
- ..Análise e interpretación de datos estadísticos (2)
- ..Análise da estrutura dalgunha forma de agricultura ( 3)
- ..Elaboración de dosiers arredor da problemática rural e urbana (4)
- ..Realizacións de resumos e sínteses a partires de material elaborado a través das fontes (5)
- ..Organización dun equipo de fontes recollidas logo dun traballo sistemático con elas (5)
- ..Utilización da prensa e os medios audiovisuais (5)
- ..Confección de dosiers arredor da historia de Galicia, aldea e parroquia, empregando fontes orais, escritas, gráficas,... (5)
- .. Análise comparativa do proceso de cambio do encaixe no espacio e no tempo, buscando analoxías e contrastes (6)
- ..Recoñecemento das peculiaridades da xente doutros tempos e lugares (6)
- ..Caracterización cualitativa dun tempo histórico encaixeiro, a partires de documentos e vestixios (7)
- ..Realización de investigacións históricas sinxelas (7)
- ..Localización espacial do feito encaixeiro na época moderna (8)
- ..Realización de traballos monográficos ou pequenas investigacións (8)
- ..Utilización de prensa e os medios de comunicación audiovisuais para a confección de traballos monográficos (9)



## ACTITUDES

- ..Valoración das diferentes formas de vida dos habitantes de espacios estudiados (2)
- ..Valoración dos recursos como uns bens que se saben protexer (3)
- ..Valoración e respecto da cidade e do rural como patrimonio de todos (4)
- ..Valoración dos vestigios do pasado e disposición a actuar de maneira favorable á súa conservación (5), (7)
- .. Tolerancia, respecto e valoración crítica de épocas e sociedades diferentes da propia (6)
- ..Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolverlo gusto estético persoal (8)
- ..Respecto polo patrimonio cultural propio e interese pola súa conservación (8)
- .. Actitude crítica ante as necesidades de consumo que suscita a sociedade actual a través da publicidade (9)



## **METODOLOXÍA PEDAGÓXICA**

- ..Participación activa e total
- ..Tenta coñecer ós/ás alumnos/as
- ..Integración social
- ..Descobre habilidades
- ..Reforza a personalidade, potencialidade sensorial e intelectual.
- ..Axuda a valorarse
- ..Desenvolve o espírito de colaboración, axuda e solidaridade
- ..Aprende literatura popular e culta, historia, lingua, etc
- ..Mide as súas propias forzas.
- ..Disminúe a súa tensión, libera agresividade e desenvolve a socialización
- ..Da pulo a súa creatividade
- ..Desenvolve a súa intelixencia e habilidades
- ..Forma e madura ó/á neno/a

## **ENSINANZAS E APRENDIZAXES**

- ..Aprende a respectar a orde e dereitos dos demais
- ..Axuda a participar en equipo
- ..Adestra no respecto ás regras e aprendizaxe de valores
- ..Forma actitudes de satisfacción e agrado por esforzarse en acadalo obxectivo
- ..Fainos sentir autónomos e independentes do adulto, aprendendo a valerse por se mesmo/a e a expresarse libremente



## 4º PROXECTO DIDÁCTICO



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## A HISTORIA DO ENCAIXE

A orixe bretemosa é a primeira característica do encaixe, o mesmo que moitas outras artesanías chegadas do Oriente Medio, de este cara ó oeste, cos pobos e culturas que visitaron a Fisterra europea.

Os homes e as mulleres pasaron do estado nómada ó sedentario e se fixeron con técnicas a fin de cubrir, non só as necesidades primarias, caza e pesca con redes e mallas, con fibras textís e coa técnica xeral do entrecruzado, senón tamén a decoración da roupa, mobiliario e zonas da casa.

Diferentes pobos amósanos os incicios do encaixe, no velo das mulleres turdetanas e iberas; cos romanos tivo sona a súa túnica co fío finísimo galego; a alba dos cregos católicos con adornos, consecuencia da anterior; o coñecemento e uso foi cousa dos árabes e máis tarde, dos italianos e flamencos a traves dos montes Pirineos e do océano Atlántico. A pasamanería estendeouse por toda España da que se conservan multitude de restos en Museos e centros textís.

Os/as galegos/as fixeron con esta historia un complemento económico na familia que chega deica hoxe coa mesma base nos pobos e vilas agrícolas e pesqueiros, polo que o encaixe nace e camiña como artesanía-industria asociada á agricultura e á pesca, sempre coa técnica do entrecruzado de fios, xeralmente de liño, deica o século XX co troco polo algodón.

A partires do século XV aparecen novas en inventarios e documentos, herdanzas e dotes, mesmo non había pazo ou casa do pobo onde, o enxoval das noivas, non levara algún elemento de encaixe. O coengo e máis escritor López Ferreiro escribe que no século XV había moitos e variados encaixes por toda a costa galega; neste mesmo século o Conde de Andrade marcha a Flandes coa tropa da comarca de Pontedeume e, á volta, volven moitos deles casados con mulleres daquela terra que coñecían o encaixe e que ensinaron ás nosas mulleres. Asemade o Camiño de Santiago foi a senda pola que entrou o coñecemento europeo do encaixe e que se espallou por Galicia. Aínda si, lembramos que o encaixe foi a única artesanía que nunca tivo un gremio que a dignificara, que a gardara e ensinara os seus secretos, polo que o seu camiño e moito máis difícil xa que andivo por libre nos obradoiros familiares onde unha ou varias mulleres traballaron sen referencias.



Os reis e raiñas das Casas de Austria e Borbón deron ó encaixe o pulo definitivo na roupa da nobreza, de imaxes e obxectos das igrexas, na decoración de pazos e casas señoriais e mesmo dando leis e normas que regularon o traballo e a venda desta artesanía. O Catastro da Ensenada, século XVIII, refírenos a moitos portos e vilas con importancia económica encaixeira e comeza o comercio con América, cunha maior produción de encaixe.

As Sociedades Económicas de Amigos do País axudaron ó espallamento do encaixe por vilas e aldeas, cambiaron a roca polo torno, perfeccionaron o fiado e deron pulo ó nivel cultural das palilleiras. No século seguinte, xogaron a favor do encaixe galego xa que multiplicou a súa venda no lugar dos países en guerra, e a partires do 1936 a Sección Femenina, a Organización Sindical e a Obra Sindical de Artesanía ocuparon a xefatura deste oficio pero cun falso obxectivo que non pasou do camiño folklórico.

Se foi no século XV cando esta artesanía tomou o nome de encaixe, é dicir, cando o encaixe se fixo fóra e logo se encaixou na tea, e no XIX engadiu o apelido de Camariñas, por ser esta vila mariñeira o centro da súa produción e da venda para Galicia, España e tamén cara a América.

A partires do 1975 a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia regulan o proceso das artesanías e, aínda hoxe, estanse a desenvolver decretos e normas para un mellor desenvolvemento do encaixe en asociacións e seminarios de palilleiras, para o coñecemento das técnicas e camiños de vendas e en case que tódolos concellos galegos existe algún grupo de mulleres que tenta segui-la tradición encaixeira.





## ACTIVIDADES

1 - Os feitos tiveron os seus protagonistas, emparéllaos:

- a- Facían mallas para cazar e pescar Estrabón
  - b- Realizaban redeceilas de ouro López Ferreiro
  - c- Moitos e variados encaixes no ano 1550 Prehistóricos
  - d- As turdetanas recollían o pelo en rodetes Século XVIII
  - e- Comercio con América Xudeos
- 2- Relaciona cada feito co período correspondente-

### FEITO PERÍODO

- a- Comeza a chamarse encaixe Século IV
- b- O liño galego viaxou a Roma Século XX
- c- O encaixe emigra a América Século XVII
- d- Trócase o torno pola roca Século XV
- e- Encaixe nas puñetas Século XVIII
- f- Chamábase pasamanería Século XIV

3- Nestes países encaixeiros hai dous intrusos, busca quen son:

Paises Baixos, Rumania, España  
Italia, Chequia, Finlandia, Francia

4- Move o coco e resolve:

- a- A froita dunha planta arbustivo da familia das colanáceas, chantada en lugares areosos, da nome á capital do encaixe.
- b- Preposición + primeiras letras da patroa do mar + 1 en romano + 1ª sílaba de algo moi frío.
- c- Conxunto de roupa que levan os noivos ó matrimonio, as veces, con moitos encaixes.
- d- Camiño con sona, polo que entraron os encaixes na nosa terra.
- e- Casa grande e medieval na que se facía e mercaba o encaixe.
- f- Por A e por B comezan os nomes das casas reais que deron pulo ó encaixe.



## O ENCAIXE E.....

Diciamos que antes do XV non se denominaba encaixe, senon que recibía nomes como: randa, punto, cadenete, entredous, rede, desfiado, malla, franxa, blonda, etc, ata que chegamos ó encaixe. Foi, polo tanto, randa a primeira denominación do encaixe co significado de "traballo na beira", e cando remataba nun xeito de picos, tiña o nome de puntos ou puntillas. Ó encaixe é unha obra de arte e a súa definición é tan ampla coma o número de persoas, o espacio e o tempo, para uns "iníciase cos bordados de donde as persoas sacan os fíos", para outros "é un remate libre para usalo como remate colgante". Asemade se concibe como "labor de randas entretecidos con moitos fíos" ou "debuxos feitos sacando fíos da tea e deixando os precisos para forma-los motivos". Aínda máis témo-lo como:

"Entrecruzado de fíos enriba dunha almofada, formando diversas figuras" como das primeiras que aparece; máis tarde o estudioso Martínez Barbeito indica que é "un xeito de lencería con rosetóns, estrelas, cruces, soles, liñas, galos, peixes, leóns, rombos enreixados, e toda clase de combinacións que traían os comerciantes de Flandes". O mestre da nosa cultura, Antonio Fraguas conceptúa ó encaixe como "labor de pulcra significación e artística concepción xeométrica". En varios tratados fálase do encaixe galego como "labores derivados das pasamanerías" ou "dun tecido de fío moi fino facendo filigranas". É tamén moi coñecido o concepto como "labor de randas entretecidas con moitos fíos".

O encaixe non ten unha estrutura única, senón que se clasifica segundo a temporalidade (antigo e moderno); polos aparellos usados (xenuino e mecánico); polo número de fíos (de agulla a base dun só fío ou de bolillos con series de fíos diferentes). Atendendo á composición atopamos círculos, cuadrados, rectángulos, estrelas, palmetas e flores; fondos de barretas e mallas.

Ó encaixe presántae en tres etapas:



- a- A de iniciación, na etapa gótica, é dicir, nos séculos XIII ó XV
- b- A etapa dos Austrias, nos séculos XVI e XVII, co nome de encaixe
- c- A terceira dende os Borbones deica os nosos días.


## ACTIVIDADES

1- As vocais fugáronse das palabras, axúdanos a atopalas:

R-ND\_, C\_D\_N\_T\_, M\_LL-, BL-ND-

2- Enche a serpe coas respostas axeitadas:


- a- O encaixe é un entrecruzado de
- b- No século XIV o encaixe chamábase
- c- O encaixe remata no
- d- Mestre da cultura que definiu o encaixe
- e- Encaixe con moitos fíos
- f- Motivo da ornamentación
- g- Arte na iniciación do encaixe



3- Ordea as letras dos pétalos e terás nomes antigos do encaixe:




4- Á pancarta anunciando a Artesanía do Encaixe caéronlle as letras. Axuda a colocalas no seu lugar:



# MAPAS DO ENCAIXE

## O ENCAIXE EN ESPAÑA



## O ENCAIXE EN GALICIA



## ACTIVIDADES

1 - Atopa os lugares no mapa de Galicia que teñen encaixe:

	LUGAR	PROVINCIA
Cidade con menos letras		
Pobo da montaña		
Decapitaron a Pardo de Cela		
No cadaleito do Apóstolo		
Con gran praia nas Rías Baixas		
Gran porto comercial		
Mira á Torre de Hercules		
Ten os mellores afiadores		
O seu primeiro nome foi Turoqua		
Din que a fundou Noé		
É a capital do encaixe		

2 - O Camiño de Santiago pasa por varias cidades e vilas do mapa encaixeiro de Galicia. ¿Qué che di este feito?

3 - ¿Que camiño debe seguir Alba para chegar a Camariñas?:




4 - Descubre o nome dunha vila encaixeira da provincia de Pontevedra, con estes datos:

Situación: Beiramar

Feito histórico: Arribou a Pinta




Monumento: A Virxe vixia ó Castelo






## A ALMOFADA

O principal aparello para a realización do encaixe é a almofada, nela chántase o resto dos utensilios. Cando unha muller ou home quere traballar encaixes ten que preparara: saco de tea cheo de palla de (trigo, avea,...) ben preta e uniforme; engádenselle dous paus ou canas nas beiras superiores; de seguido, da metade cara abaixo, "decórase" cun plástico grosso ou cun hule chamado cuira, para que os palillos ó petar non rachen a tea. Débese busca-lo picado, co debuxo a realizar e suxetalo no centro da almofada enriba da cuira, á súa dereita cosemos a bolsa de alfiletes que marcarán camiño do encaixe. Asemade, na mesma zona, ponse o novelo do fío que irá enfiando, nos palillos e palillas dirixidos pola palilleira.



As almofadas teñen un formato variado xa que se fai a man e as medidas nunca son iguais; aínda así, as almofadas tradicionais poden ser anchas ou estreitas polas medidas da puntilla que se garda na tilla, entre os cornos para non luxalo encaixe feito. Nos pazos e grandes casas as almofadas tiñan base de madeira con caixóns diante e detrás para o fío e os palillos, na parte superior leva a verdadeira almofada coma un rectángulo ben preto. Vexamos algúns tipos de almofadas



..... cornos ou varas  
 ..... funda de tea  
 ..... palieta  
 ..... labor de encaixe  
 ..... bolsa de alfiletes  
 ..... bolsa do fío  
 ..... cartón picado  
 ..... corda  
 ..... cuira  
 ..... palillos ou panillos  
 ..... palillas ou panillas



## ACTIVIDADES

1 - Coa primeira letra de cada resposta tera-lo nome desta actividades

Tres veces repítese en almofada  
Letra en forma de ángulo recto  
Consoante do topónimo da capital do encaixe  
Letra repetida no nome das varas da almofada  
Logo da letra "e" vén o...  
Primeira letra do abecedario  
Común para día, corda e picado  
Vocal en palleta

2 - Só para cabezas pensantes, emparella:

¿Por qué hai almofadas?	Para apoiar mellor
¿Por qué hai diferentes almofadas?	Por se-lo aparelle das
¿Por qué levan cornos as almofadas?	Para non racha-la tea
¿Por qué nas almofadas varían as medidas?	Por ter varias medidas
¿Por qué poñen plástico ás almofadas?	Segundo o lugar de traballo


3 - Move o coco e atopa a resposta axeitada:

Horizontais:

- a. Camariñas
- b. Hule da almofada
- c. Recolle o encaixe
- d. A nosa terra
- e. Semella feito por un

Verticais:

- a. Traballo das palilleiras
- b. Clima con moito calor (ó reves)





As artesanías, entre as que contamos ó encaixe, teñen unha orixe case descoñecida, polo que só podemos segui-lo seu camiño histórico deica hoxe polos restos conservados







Os pobos prehistóricos usaban o entrecruzado de fíos ou de fibras vexetais para preparar redes de caza e de pesca, técnica que aínda empregamos hoxe.



Os romanos aportaron elementos de cultura, e recolleron outros da nosa terra, coma é o caso do liño para facer túnicas e velos.





Os pobos árabes transmitiron moitas formas culturais dende Oriente, como as técnicas e os deseños do encaixe.



A "Dama de Elche", fermosa estatua íbera, leva colgados das orellas, uns cordóns rematados en pequenos caireles, como filigranas entre orfebrería e pasamanería, antecedente do que hoxe chamamos encaixe.







O Camiño de Santiago foi unha continua chegada de cultura europea, na que se conta con fermosos encaixes, enriquecidos ó longo da nosa Historia con motivos da nosa Arte Románica.



Os pazos ocuparon gran parte da nosa historia medieval, nos que traballaron moitas encaixeiras para os señores ou en pago de impostos.



[PÁGINA ANTERIOR](#)

[PÁGINA SIGUIENTE](#)





Durante os séculos XVII e XVIII, a sociedade europea estivo adornada por multitude de elementos de riqueza, entre os que destaca o encaixe como signo diferenciador de categoría social e máxima distinción.



O primeiro mercado das encaixeiras foi nas feiras e mercados da zona, para complementa-la economía familiar pouco agraciada pola agricultura e pola pesca.





O século XVIII significou a apertura do gran mercado americano, por mor da gran produción e da perfección acadada polo encaixe galego e as primeiras grandes emigracións modernas.



---

[PÁGINA ANTERIOR](#)

[PÁGINA SIGUIENTE](#)





Os produtos realizados a partir do liño eran tantos, que ocupaban a gran parte da poboación rural, tanto nas palilladas como na venda do encaixe.



As Guerras Mundiais racharon a semente do liño, o traballo e as vendas do encaixe, deixando acochado o produto rural agrícola e mariñeiro.






As igrexas recolleron gran cantidade de encaixes por ofrendas, doacións ou en pago de impostos. Asemade, o enxoval das noivas ía decorado con fermosos encaixes.




Nos diferentes traxes tradicionais, o encaixe é un elemento importante tanto na roupa exterior coma na interior.








A pesares dos atrancos, o encaixe espallouse por todo o mundo e o traballado en Galicia, acada unha gran sona entre os mellores do mercado.



Hoxe, a artesanía do encaixe significa un potencial económico importante, o cal orixina que moitas mulleres ocupen o tempo no seu traballo, tanto en réxime de ocupación como no de coñecer tradicionais formas de arte.



Con paciencia podes reconstruir este crebacabezas, que corresponde a un encaixe-aplicación, semellante ó da carátula da Unidade Didáctica.



## O FIO

A materia prima para a realización do encaixe é o fio, que deica a II Guerra Mundial era de fibra de liño e agora de algodón. O fío de liño era, na súa maior parte galego, aínda que cando non chegaba a produción autóctona para labrar encaixes ou para outras actividades textis, se exportaba desde Rusia ou Finlandia e entraba polo porto pontevedrés de Carril. A planta de liño galego é de réxime anual, da familia das liñáceas, que medra ata os 6 cm. de altura e das súas fibras constitutivas da corteza se produce a linaza. Nace ós 13 días de sementada, florece a fins da primavera e tamén durante boa parte do verán. Coñécense máis de 100 especies e medra salvaxe en moitos lugares, mesmo das cunetas de moitas das nosas estradas ou asociado ó millo e ás patacas. Estivo moi espallado por toda Galicia e, no rural usábase para lenzos, teas, mantelerías ou encaixes. Tivo moito pulo e, polo tanto, se fixo un fío máis limpo e fino que tivo tanta importancia na sociedade galega que aínda se garda un bo feixe de topónimos derivados desa verba, coma liñar, iñerdelo, liñerdelo, liñarede, liñarega, liñeres, liñariño, liñaza, liñeira, etc.

A súa vida no campo e no uso cotián acaba logo da II Guerra Mundial polas malas producións e primitiva preparación, ademais de que o algodón, preparado en fábricas con moderna maquinaria, mellor feitura e cun prezo competitivo, polo que inundaron os obradoiros galegos. O fío de algodón, polo tanto, é a fibra textil máis empregada para a realización do encaixe na actualidade, de cores branco e beis, diferentes grosos e tamaños en novelos de diferentes lonxitudes. A súa venda faixe en tendas de lencería ou mercerías de vilas e cidades.

Hoxe en día fanse ensaios para sementar de novo o liño nas terras de Soneira e mesmo se traballa para atopa-la finura necesaria para facer encaixes.




## ACTIVIDADES

1 - Poñendo as vocais poderás descifra-la mensaxe e descubri-la causa do refugar do encaixe no século XIX:

\_ P\_RD\_ D\_ L\_Ñ\_ F\_X\_ Q\_ \_ \_LG\_D\_N  
\_C\_P\_R\_ \_ S\_ S\_T\_

2- ALBA perdeu o pano, -¿de que fío tirará para recuperalo?



3- No texto seguinte haj catro erros, atópaos:

O liño deixou de se-la materia prima do encaixe logo da I Guerra Mundial, como planta bimensual e florece en primavera e durante o verán. Sábese de- máis de 180 especies e que nace ás 13 días sementalo. Esta fibra usábase para a realización de lenzos, teas, mantelerías e encaixes.

4- Indica se son verdade ou falsedade os conceptos:

- a- O fío e o algodón son materias primas do encaixe \_\_\_\_\_
- b- Importouse liño dende Francia, Rusia e Polonia \_\_\_\_\_
- c- No XIX o liño era máis barato có algodón \_\_\_\_\_
- d- Non hai lugar en Galicia para sementa-lo liño \_\_\_\_\_
- e- O liño ben traballado da un mellor encaixe \_\_\_\_\_




## OS PALILLOS - AS PALILLAS

Son os utensilios que se manexan de forma manual e que trasladan o fío polos alfinetes entrelazando o fío. A madeira é a materia prima para a súa realización e como pezas de madeira torneadas, feitas a man ou a máquina-torno, case sempre por artesáns, un a un ou en serie, o que abaratou o seu prezo.

As madeiras usadas para a súa construción son as típicas da zona do artesán, desde a de buxo ata o pino, a primeira é a máis duradeira e a máis antiga na súa utilización, finura do traballo do artesán/torneiro e a función á que vai destinado son importantes neste traballo. Asemade destacámo-la lonxitude, a anchura e o peso a fin de conquistar a velocidade desexada no traballo de encaixe, fino ou groso.

Nun palillo destacamos: o puño, o corpo onde vai misturado o fío co que se fai o encaixe e o terceiro elemento é a diferenza entre palillo e a palilla, é dicir, ésta ten como remate unha protuberancia chamada cachopa e no palillo, o corpo, vai todo recto, ademais de que a palilla, nun par, úsase como guía dos palillos e mesmo para traballar en encaixes estreitos. Hoxe están en moitos centros de venda de encaixes, aínda que aparecen por toda Galicia homes que voltan ó traballo de crealos para as mulleres da familia e, en poucos casos, para a venda.

Os palillos e as palillas teñen formas moi variadas e, algúns tipos son verdadeiras obras de arte que se transmiten de xeneración en xeneración, sacados da imaxinación e da creatividade dos nosos homes.



## ACTIVIDADES

1 - Xoga coas túas amigas e amigos-.



unindo unha sílaba de cada debuxo  
tera-lo nome dun aparello manual do  
encaixe.



2 - Colle na man un palillo e unha palilla e inventa unha historia entre eles:



3 - Como as letras andaban revolucionadas non podemos utiliza-las vocais, así que inventa ti un abecedario no que sustitúas vocais por figuras. Escribe o teu invento nestas palabras:

PALILLO \_\_\_\_\_  
BUXO \_\_\_\_\_  
CACHOPA \_\_\_\_\_  
TORNO \_\_\_\_\_

4 - O torneiro adícase a.-

- Facer tornos
- Traballar nos tornos
- Facer palillos
- Tornar no seu camiño






## O PICADO

Nun cartón pícanse unha serie de buratos ou piques que son a orixe do labor a facer co fio.

O picado vai enriba do lenzo, para realizalo tense que prepara-lo modelo, logo o pasamos ó cartón de cor escura para tentar diferencialo do encaixe que se faga, e mesmo do lenzo. Non leva o debuxo enteiro de todo o encaixe, senón que só é unha unidade do labor que terá tódolos puntos e pares, que repetido unha e outra vez nos dará o encaixe feito.

Para facer debuxos no papel e pasalos ó cartón ou ó papel, eran os homes os que picaban, agora son as palilleiras quen o fan ou usan fotocopias dos orixinais, herdando o picado dunhas a outras ata que o cartón está inservible. Moitas veces, o debuxo dun picado repítese unha e outra vez, por ser moi solicitado e ter boa venda o encaixe resultante, ata constituir un costume dun territorio concreto.

O picado é moi importante para facer un bo encaixe, polo que o sentido creativo do picador/picadora e a preparación técnica, son elementos para a súa perfecta realización. O traballo fáise cun punzón, alfinete ou unha punta á que se lle pon un trozo de cortiza ou madeira na cabeza, chamadas picadoiras. O oficio de picador/picadora ou o de sacador/sacadora é pouco rentable e dabondo canso xa que se debe empregar moita forza e paciencia.




## ACTIVIDADES

1 - Xeroglíficos e adiviña:

a - Os encaixes galegos teñen moita




b- ¿Qué encaixe lle mandou facer para a madriña da voda?:




c - Miro regaloulle a Alba o elemento do traxe galego que lle faltaba para a voda:

canto da galiña + a materia prima perde o O + vocal do nome da moza

2- Envíanlle este debuxo para realizar unha aplicación. ¿Cantos triángulos e cadrados ten?



3- Encárganlle o deseño dun novo encaixe para un concurso:



## OS ENCAIXES

Calquera tipo de encaixe divídese en varias partes, recibindo o nome segundo a palilleira e o lugar de trabarło, en xeral:

- a. Espacio do encaixe que vai cosido á tea, chámase pé.
- b. Parte central ou centro, significa a ornamentación do encaixe.
- c. A zona final ou exterior, é a beira do encaixe ou puntilla, con forma tradicional de ondas do mar, como máis típica de Galicia.

PANOS	XOGOS CAMA	PUNTILLAS	MANTELERÍAS	TAPETES
Pluma flor	Marabilla pé torto	Tutú	Marabillas	Rosario
Fila estrela	Carnés	Monada	Pé torto	Coronas
Rialo	Fieita	Furón	Mariposa	Panero oxal
Graciano	Antena	Orfeón	Flor capullo	Anteno
Cochiñas	Marcelina	Mesón	Oxal	Xoiasol
5 Viriles	5 flores Teresa	Chorón	Torto ruintas	Camiños
Lunares	Simona	Piquillo	Matilde	Carai
Roto	Clavel	Bolo	Silvina	Rosal
Liliana	Peineta	Xitana	Cachano	Carril
Osos	Avelinas	Acordeón	Cornos	Pellices
Das estrelas	Ramo S.Xosé	Centro Braño	Leis	Vental
Flor de toxo	Orellón	Pentiñas	Roda antiga	Floriñas
Dente de can	Araceli		Pitola	Camiño Santiago
Xaruto	Ramón		Mil cruces	Picos
Berberecho	Torto		Puntilliñas	Reló





## ACTIVIDADES

1. Como eres inteligente escribe algúns tipos de encaixes, o seu debuxo e a súa orixe:

TIPO DE ENCAIXE	DEBUXO	ORIXE

2. Na catedral están a cambia-lo vestiario, ¿que tipo de encaixe poñerán a?:

Ó crego...

Á imaxe da Virxe...

Ó altar maior...

Ó bispo...


Na festa da patroa...

3. Alba foi cara a América ¿qué buscaba dende o barco?.-



4. Neste coelliño aparecen mesturadas as letras dun tipo de encaixe.

5. No debuxo da nube van xuntos clases e formas de encaixes, ¿Podes emparellalos e indicar donde os poñerías na túa casa?




## AS PALILLEIRAS E AS PALILLADAS

A artesanía do encaixe xira arredor das palilleiras, antes situada soamente no contorno agrícola e/ou mariñeiro cun modo de vida común, e agora tamén en vilas e cidades.

As palilleiras son mulleres pluriempregadas, con varias tarefas a cotío. Se no principio as mulleres de beiramar tiñan máis tempo de lecer, pola continuada ausencia do home, o traballo encaixeiro fíxose necesidade económica a partires dunha idade moi curta, cun traballo autoxestionado, xa que ela mesma fai, busca, merca e vende todo o material necesario e o produto acabado.

Aínda que a palilleira traballa soa na súa casa, como taller e nos motivos e tipos de encaixes que lle petan ou que mellor se vendan, o caso é que moitas delas fano en grupos de veciñas, na casa dunha delas, xa que é tanta a experiencia acumulada que falan mentras traballan, e así pasa-lo tempo rexovando, nas chamadas palilladas, nome con que se coñecen tamén ás escolas de nenas ou de adultas para a aprendizaxe do encaixe. Estas escolas funcionaban baixo a dirección dunha delas, con normas de traballo axeitadas. Á luz dos quinqués, antes da electricidade, donde de organizaban para trae-la auga, varrer ou fregar; sentábanse en ámbolas beiras dunha mesa, nuns tallos, bancos e mesmo no chan.

Na actualidade estas escolas cambiaron a ritmo dos tempos, mantendo a súa esencia e sendo pouco a pouco substituída por asociacións e organizacións de palilleiras con personalidade xurídica. Asemade, diversas institucións, públicas e privadas rivalizan na realización de cursos para a aprendizaxe e perfeccionamento do encaixe.




## ACTIVIDADES

1 - Descubre a mensaxe secreta:


Un pronome en primeira persoa e máis o presente do verbo ser, van cunha artesana do encaixe e unha preposición a donde están agora, vendo unha conxunción para coñecer moi ben unha letra redonda do traballo que desexas ter, sendo máis que bo cunha preposición na túa terra.

2 - Fai un comic co tema. "A venda de encaixe en América"




3 - Eres unha palilleira moderna e recibe-la petición de compra de encaixe.

¿Cal é a mensaxe?



4-¿Qué camiño seguirá Alba para chegar á feira do encaixe?



## OUTROS OFICIOS NO ENCAIXE

No mundo do encaixe existe, un bo feixe de persoas con oficios importantes para o desenvolvemento desta artesanía, vexamos algúns deles.

A **TECELÁ** que traballaba o fío ata que estaba preparado para a realización do encaixe ou só o tecía. Xeralmente vivía e traballaba no territorio donde se sementaba e preparaba o fío do liño, e aínda se conservan ripas, fusos, mazas, lanzadeiras ou teares que indican unha época brillante deste oficio, xa que hoxe se prepara a máquina alleo a Galicia. O **CARPINTEIRO** traballaba no taller ou na casa, xa que ás veces era o marido, fillo ou parente da palilleira posto que había un banco con ferramenta en moitas casas. Esta persoa facía almofadas para pazos e casas ricas, palillos e palillas a torno ou a man con navalla, a tilla como pequena taboa, entre os cornos da almofada, para evita-lo luxo do encaixe. De feito, seguimos no mesmo camiño, e é raro atopar profesionais dedicados a estas tarefas, case todo o material de madeira vén feito de fábricas.

O **DISEÑADOR/DISEÑADORA** ou persoa de gran creatividade e vocación, para debuxar e crear aquelas formas que caracterizaban a un encaixe dun lugar. Os ordenadores e ás modernas técnicas ocupan todo o seu lugar e o deseño xa é unha profesión con futuro.

O **PROFESORADO** supón que teñamos persoas con capacidade, coñecementos e práctica dabondo para preparar bos/boas profesionais e/ou simplemente persoas interesadas no mundo do encaixe, así como tomar conciencia do significado desta artesanía para a conservación e potenciación do noso patrimonio artístico, cultural e máis económico.

Noutros apartados deste traballo amosamos outros oficios que teñen moito aquel co encaixe, como son o de **SACADORA** de motivos para o encaixe; as/os **PICADOIROS/AS** que tentan face-los picados ou os **TRATANTES** como vendedores ou intermediarios entre as profesionais e os consumidores.



## ACTIVIDADES


1 - Se fas de policía poderás emparella-las columnas:

- a- Tecelá Picado
- b- Carpinteiro Buratos do picado
- c- Diseñadora Liño
- d- Sacadora Debuxo
- e- Picadoiras Palillos

2 - Nesta sopa de letras caeron os nomes de aparellos de traballo destes oficios, búscalos para que poidan seguir traballando:

O K F T H X B L P  
R M R O C A C B I  
D U F A S V X L C  
E Q K K I T I P A  
N A R H N L E V D  
A E T O R N O B O  
D F L U M V P O I  
O Q S T F K N V R  
R H O E M V C X A

4- Encaixa as palabras e terás materiais destes oficios:



## A FALA DAS PALILLEIRAS

Evitamos escribir de palabras explicadas ó longo da Unidade Didáctica.

ACAPARADOR/A.- Intermediario/a, merca e vende encaixes con gañancia.

ALBAROQUE.- Festa despois dunha exposición ou dun labor difícil.

ALNA.- Medida de lonxitude, do dobre dunha vara.

ANODAR.- Ata-los palillos para logo enchelos co fio de palillar.

ARTILLA.- Tela que cubre o labor na tilla.

CANDELEXA.- Facho usado pocas palilleiras no traballo polas nioites.

CAROLIÑO.- Trozo pequeno de enraixe.

COUCE.- Remate ou extremo dun encaixe.

FARREIRA.- A palilleira con máis alegría da palillada.

FOL.- Engurra que se fai no encaixe, cando non se fai dunha soa vez.

GAITA.- Palillo pequeno, feito con madeira de buxo.

GAÑO.- Gañancia da palilleira polo labor feito.

LABRAR.- Realizar un encaixe moi fermoso.

MIÑA AMA.- Encargada dunha palillada.

PACA.- Feixe de cartóns picados que levan pegada unha mostra do debuxo.

PALITROCAR.- Ruido que fan as palilleiras ó move-los palillos.

PALLETA.- Chapa de madeira entre os cornos da almofada.  
V. Tilla.

PIQUES.- Buratos donde se colocan os alfinetes.

RARO.- Encaixe máis aberto có seletto.

REBULDAR.- Xogos entre mozos e mozas en momentos de lecer na palillada.

SARASA.- Pano para cubri-lo encaixe.

SELETO.- Encaixe moi mesto.

SOLASOSO.- Encaixe moi fermos e ben feito.

VARA.- Unidade de medida da lonxitude das puntillas.

VELLOUQUIÑA.- palilleira que vai para vella, pero aínda non o é.





## ACTIVIDADES

1- Escribe en galego normativizado o seguinte texto da fala das palilleiras:

A acaparadora anodou as gaitas cunha paca, mentres rebuidaban os mozos e as mozas baixo a mirada da vellouquiña. O encaixe selecto e solasoso mide varias varas, ata o couce, aínda que tiña tres fols e mesmo era moi raro, segundo a miña ama. O caroliño estaba moi labrado e era. da farreira Alba, polo que sacou un gaño de alboroque.

2- Engádelle as vocais a estas palabras e verás verbas das palilleiras:

P\_LL\_T\_

S\_R\_S\_

\_RT\_LL\_

P\_L\_TR\_C\_R

C\_ND\_L\_X\_

P\_C\_


3- Averigua de que palabras falamos:

Patada dun cabalo, pero moi fermosa.

Instrumento típico da música galega

O oano que cobre o encaixe chámase\_\_\_\_\_ou tamén\_\_\_\_\_

Non ó tan longa como a usada para arrear ós animais.



## LITERATURA POPULAR

**LENDA.-** Un bo mozo mariñeiro andaba namorado dunha fermosa moza, ámbolos dous eran moi pobres e non podían casar. O mozo perdiase en sonos fronte o mar e un día se lle apareceu unha sirea que, prendada da súa galanura, o invitou a unirse a ella. O mozo confesoulle quen era o seu verdadeiro amor e o atranco para facer realidade o seu sono. Daquela, a sirea regaloulle unha sorprendente caracola, que sirviu á noiva cada vez que a escoltaba como fonte de inspiración para crear encaixes e dalos a coñecer as súas veciñas.

### CANTIGAS.-

Panilleira que panillasno  
cordón da almohada,  
dime ti, panilleiriña,  
a quen tes palabra dada.

Gracias a vós, mina nai,  
por poñerme a palilleira,  
vén a choiva e non me molla  
vén o sol e non me queima

---

As vellíñas palilleiras  
xa non se queren acordar,  
fóronlle saca-lo bolo  
alá na pedra do lar.

Vinde panillar, neniñas,  
Virxe Santa, eu vos amo,  
tanto como eu panillei  
Neste xogo do Rosario.

---

Fixemos bandexas  
e moitos xogos cameros,  
non ganábamos pro pan  
se non fora ó estranxeiro.

Pasamos mil sacrificios  
para poder gañar pro pan,  
cantas noites panillando  
coa candelexa do gas.

---



Un día na escola  
leveí unha soba  
por non saber  
o xogo da Coroa.

Panilleira que panillas  
no labor do patacón,  
por moito que panillas  
Non gañarás pró xabrón.



## ACTIVIDADES

1- Podes convertirte nun investigador cultural, xunto a túa panda, se preguntas polo teu barrio ás persoas maiores, se aínda se lembran de ditos, refráns, contos, lendas, cantigas ou romances que falen do encaixe e das encaixeiras.

2- Completa a lenda do peregrino encaixeiro:

O peregrino ó longo da a súa viaxe atopou unha galiña que poñía ovos de ouro, en cada día 10 de cada mes...

---

---

---

---

...o encaixe realizado foi a mellor ofrenda ó Apóstolo Santiago no remate da peregrinación.

3- Xoga a encher os ocos e preparar estas cantigas para unha boa palillada:

_____	que
_____	trabarlal,
_____	monada,
_____	barallas
_____	rapazada
_____	
_____	agora
_____	
_____	



5°

**BIBLIOGRAFÍA BÁSICA**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

### XORNAIS

Diario de Pontevedra: anos 1978, 1979, 1981, 1993

Faro de Vigo, El: anos 1980, 1981, 1993, 1995

Ideal Gallego, El: anos 1978, 1979

Nuevo Mundo: ano 1914

Progreso, El: anos 1921, 1927

Temporada de Mondariz, La: anos 1912, 1925

Universo, El: ano 1908

Vanguardia Española, La: ano 1972

Voz de Galicia, La: anos 1904, 1915, 1917, 1918, 1919, 1920, 1978, 1979, 1980, 1981, 1987

Correo Gallego, El: anos 1993, 1994

Peneira, A: ano 1987

Región, La

Diario Atlántico: ano 1991

### LIBROS

Artesanía de Galicia, La.-Filgueira Valverde-De.Centro Gallego Bos Aires-1953

Literatura popular de Camariñas-Inédito-Mario Gallego e alumnos-alumnas do

C.P. de Camariñas- 1978

Historia de los encajes de Camariñas-inédito-Pérez Moreira-Vimianzo-1949

Encaixes, Os- Mario Gallego Rei- De- Ir Indo- 1989

Características del Encaje de Camariñas -Deput. de A Coruña- 1994-

Concepción Canoura

Encaixe pontevedrés na Idade Contemporánea-inédito-Mario Gallego Rei

Camariñas: terra de palilleiras-X.L.Blanco Campaña-Edc. Xerais-1991

### REVISTAS

Revista de Estudios Provinciais-Deputación de Pontevedra-Tomos V e VII

Treboada-Escola Obradoiro de Camariñas- nº 0,1



**6°**  
**SOLUCIONARIO**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## ACTIVIDADES - HISTORIA DO ENCAIXE

1-

- A- Prehistoria
- B- Xudeos
- C- López Ferreiro
- D- Estrabón
- E- Século XVIII

2-

- A- Século XV
- B- Século IV
- C- Século XVIII
- D- Século XX
- E- Século XVII
- F- Século XIV

3-

Rumania, Chequia

4-

- A- Camariñas
- B- Encaixe
- C- Enxoval
- D- Camiño de Santiago
- E- Pazo
- F- Austrias - Borbón

## ACTIVIDADES - O ENCAIXE É...

1 -

Randa - Cadeneta - Malla - Blonda

2-

- A. Fios
- B. Randa
- C. Pico
- D. Fraguas
- E. Bolillos
- F. Flores
- G. Gótica



3-

Pasamanos  
Rede

4- FEIRA DO ENCAIXE, DENOMINACIÓN DE ORIXE

### **ACTIVIDADES - MAPAS DO ENCAIXE**

1-

Tui - Pontevedra  
Silleda - Pontevedra  
Mondoñedo - Lugo  
Santiago - A Coruña  
Sanxenxo - Pontevedra  
Vigo - Pontevedra  
A Coruña - A Coruña  
Ourense - Ourense  
Pontevedra - Pontevedra  
Noia - A Coruña  
Camariñas - A Coruña

2- Polo Camiño de Santiago entrou gran parte do encaixe europeo en Galicia

3- A Coruña - Ponteceso - Zas - Vimianzo - Muxía - Camariñas

4- Baiona



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

## ACTIVIDADES - A ALMOFADA

1 - A almofada

2-

- a- Por se-lo aparello das palilleiras dende sempre
- b- Segundo o lugar de trabarlo
- c- Para apoiar mellor
- d- Por ter varias medidas
- e- Para non racha-la tea

3-

### HORIZONTAIS

- a- Mar
- b- Cuiira
- c- Palleta
- d- Galicia
- e- Anxo

### VERTICAIS

- a- Encaixe
- b- Tórrido

## ACTIVIDADES - O FIO

1 - A perda do liño fixo que o algodón ocupara o seu sitio.

2- Número 1

3-

- II Guerra Mundial
- Planta anual
- Máis de 100 especies
- Nace ós 3 días de sementado

4-

- a- Verdadeiro
- b- Falso (Francia)
- c- Falso
- d- Falso
- e- Verdadeiro



## ACTIVIDADES - OS PALILLOS E AS PALILLAS

1- PA-LI-LLO

2- Opción libre

3- Opción libre

4- Facer palillos

## ACTIVIDADES - O PICADO

1-

- A- Fantasía
- B- Marabillas
- C- Cofia

2-

- Triángulos - 32
- Cadrados- 9

3- Opción libre

## ACTIVIDADES - OS ENCAIXES

1- Opción libre

2- Opción libre

3- Terra

4- Puntilla

6-

- Tapete ----- Floriñas, Rosal
- Mantelería -----
- Xogo cama -----Orellón
- Pano -----Rialo
- Puntilla -----Tutú





## ACTIVIDADES - AS PALILLEIRAS E AS PALILLADAS

1- Eu son unha palilleira de Camariñas, que aprende o oficio mellor de Galicia.

2- Opción libre

3- Necesito encaixe para un pase de modelos por valor de dez millóns de pesetas

4- Opción libre

## ACTIVIDADES - OUTROS OFICIOS NO ENCAIXE

1 -

- A- Liño
- B- Palillos
- C- Picado
- D- Debuxo
- E- Buratos do picado

2- ROCA ? PICADOIRA ? TORNO - ORDENADOR

3- ROCA ? CORNOS ? LIÑO - CUIRA



## ACTIVIDADES - A FALA DAS PALILLEIRAS

1- A INTERMEDIARIA ATOU OS PALILLOS PEQUENOS CUN FEIXE DE PICADOS, MENTRAS XOGABAN OS MOZOS E AS MOZAS, BAIXO A MIRADA DA PALILLEIRA MÁIS VELLA. O ENCAIXE MOI MESTO, FERMOZO E BEN FEITO MIDE VARIAS VARAS ATA O REMATE DO ENCAIXE, AÍNDA QUE TIÑA TRES ENGURRAS E MESMO ERA MÁIS ABERTO, SEGÚN DI A ENCARGADA DA PALILLADA. O TROZO PEQUENO DE ENCAIXE ERA MOI FERMOZO E ERA DA PALILLEIRA ALBA, A MÁIS ALEGRE, POLO QUE SACOU UNHA GAÑANCIA PARA UNHA FESTA.

2-

Palleta\_\_\_\_\_Palitrocar

Sarasa\_\_\_\_\_Candelexa

Artilla\_\_\_\_\_Paca

3- COUCE - GAITA- ARTILLA- SARASA- VARA

## ACTIVIDADES - LITERATURA POPULAR

1- Opción libre

2- Opción libre

3- Opción libre



**7º REMATE**  
**ENCAIXA NO ENCAIXE**



---

PÁGINA ANTERIOR

PÁGINA SIGUIENTE

¿Decatácheste dos nosos anceios?. Por unha banda que o pasaras "chachi" lendo o comic ou facendo as actividades de cada elemento do encaixe; pola outra, que comprenda-lo seu significado, entendendo a súa importancia histórica, social e mesmo económica.

Cando líche-lo título do apartado "encaixa no encaixe", quizais un sorriso ou un intre de estrañeza amosou a túa faciana. Pero este título tenta recolle-lo fondo do noso traballo, que cada neno e nena, que cada ensinante do mar ou do interior, das montañas ou dos vais comprenda o marabilloso mundo do encaixe e se mergulle nel con tódalas consecuencias. O encaixe segue a ser moi complexo: ciencia, cultura, costumes, economía ou a fonda creatividade que levamos nos xenes, forman parte do camiño que desexamos esté iniciado ó remate desta Unidade Didáctica.

Agora xa o sabes ¡o encaixe aínda existe!, quizais escoitaras nalgún tempo algunha nova arredor del, pero a partires da lectura desta folla xa estarás en disposición de valorar calquera tipo de encaixe, grande ou pequeno, dun pano, dunha puntilla, dun mantel ou dun colo de camisa. Cada un deles representa a historia, a ilusión e o trabar-lo, e ti podes tomar conciencia deste feito e trasladalo a calquera artesanía que atopas.

Se, ademais, afondas tanto no encaixe que a túa curiosidade te anima a "querer máis", busca o lugar donde poidas aprender a facer encaixes coa túa almofada, os palillos, o picado, o fío, o..., e cunha gran sorrisa bótate á aventura encaixeira. "¡Que farde! lucir no peto un pano de man feito por ti mesma ou que guai regalar a túa nai un xogo de cama con gran valor económico e cun valor afectivo incalculable.

Por último, cando remates esta Unidade Didáctica estarás facendo historia, a mesma que dende a Prehistoria fixeron miles e miles de mulleres galegas con moito traballo e agarimo cara á terra, da que tí hérda-lo compromiso de erguer a cotío.

